



A “DEFENSORA DEL PUEBLO” COMPARTE O SENTIR DA APDR NO QUE FAI ÁS PRÓRROGAS DAS CONCESIÓN FIXADAS NA NOVA LEI DE COSTAS

Na APDR temos recibido a resposta da “Defensora del Pueblo”, Dña. Soledad Becerril, á nosa solicitude de interposición de recurso de inconstitucionalidade contra a Lei 2/2013 de “Protección y uso sostenible del litoral y de modificación de la Ley 22/1988, de Costas”, un recurso que motivábase no que atinxe á posibilidade de que as concesións que caducan no 2018 puideran prorrogarse por un prazo de ata 75 anos.

E, se ben é certo que a “Defensora del Pueblo” na súa resolución decide non interpoñer o recurso solicitado pola nosa Asociación ao non compartir os nosos fundamentos xurídicos, di compartir o sentir da APDR cando denuncia os medos a unha posíbel desprotección da costa. En efecto, no seu escrito deixa ver as súas preocupacións polo risco que puidera supor unha mala aplicación do novo texto legal, e mesmo afirma que comparte con nós o feito de que unha concesión por 75 anos no dominio público marítimo-terrestre ten o aspecto dunha privatización, pero non só de *facto*, senón tamén de *iure*. E expresa –coma nós- o seu medo a que, apoiándose no texto da nova Lei de Costas, se poida buscar a desprotección do litoral coa xenérica xustificación do desenvolvemento económico.

Para a “Defensora del Pueblo”, sería preocupante que a cidadanía poida quedar impedida do acceso ao dominio público litoral ou que este quede seriamente obstaculizado por novas ocupacións e usos ou pola prórroga desmedida dos prazos de ocupación, unha posibilidade que relaciona cos beneficios outorgados agora aos ocupantes de zonas litorais e a quen realizan usos que nada teñen de sustentábeis se están implantados na costa, unha referencia de evidente aplicación ao complexo ENCE-ELNOSA en Lourizán.

Remata o seu escrito Soledad Becerril apuntando que a situación aconsella propiciar un cambio normativo e que trasladará ao Sr. Ministro de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente unhas RECOMENDACIÓNS relativas á protección da costa, dando coñecemento ao público do resultado das mesmas.

Pontevedra, 26 de setembro de 2013

Asdo.: Antón Masa, presidente da APDR